

EXPLICACIÓN

O **documento 1** "Guitiriz comprensión ..." é un pequeno resumo do que se fixo este ano para mellorar a comprensión lectora dos alumnos de ESO. É un artigo mandado para unha publicación da universidade de Granada. Ten un límite de espazo moi ríxido, así que esta reducido ó máximo

O **documento 2** "Propostas do..." son as propostas dun grupo de traballo formado por profesores do centro para coordinar as tarefas de comprensión lectora, elaboración de resumos, esquemas, etc no primeiro ciclo de ESO. Durante este curso estanse a por en práctica boa parte destas propostas. Os resultados xa se valorarán a final de curso. De momento te poden dicir que se están aplicando por varios profesores

O **documento 3** é unha presentación para ensinar a facer esquemas ós alumnos. A idea é que todos os profesores implicados sigan máis ou menos o mesmo modelo

Resumindo moito o que fixemos máis ou menos foi o seguinte

- Acordo sobre o material que deben traer os alumnos de 1º e 2º ESO (tipo de libreta, bolis, etc)
- Calendario de exames. Se elabora a inicios de cada trimestre e se envía ós pais. Participación voluntaria por parte do profes. Creo que esta dando bo resultado
- Traballar dende diferentes asignaturas e de xeito coordinado a elaboración de resumos, esquemas e exposicións orais, establecendo pautas comúns e calendarios. Importante a implicación de varios departamentos e a valoración destes traballos na nota dos alumnos.
- Potenciar a lectura
 - Hora de ler. Xa leva anos implantada anos en todos os cursos da ESO e con bo resultado.
 - Potenciar as lecturas voluntarias e valoralas na nota do alumno. Son varios departamentos os que establecesn lecturas voluntarias. Cada un as valora de xeito diferente.
 - Dende a biblioteca tentamos potenciar tamén estas lecturas publicando no blog os comentarios que fan os alumnos dos libros que len e por suposto atendendo as súas desideratas. (Ademais de outras moitas actividades que se recollen no blog)